

Expedientes	2022003843 e 2022031044
Asunto	Petición de información sobre norma reguladora do Plan Concellos
Trámite	Resolución de inadmisión

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Con datas 25 de xaneiro e 25 de abril de 2022 recibíase a través de SIR a solicitude de
co seguinte alcance *"Me dirijo a usted para preguntarle qué ley, norma o rango de ley escoge los colectivos que aparecen en las bases de convocatoria del "Plan Concellos tercera línea. Solo quiero saber la ley, nada de competencias o subvenciones. Solicito, respuesta precisa y concisa a lo que pregunto"*.

Consta no expediente contestación de data 26 de abril de 2021 á mesma cuestión á mesma persoa solicitante.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), no seu artigo 12.4, regula o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, segundo o artigo 13 da mesma norma, como *"os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións"*.

A petición realizada podería encadrarse no ámbito das consultas ou interpretacións xurídicas ou na necesidade de elaboración de informe *ad hoc* cuxa satisfacción obrigaría á redacción *ex novo* de documentos previamente non dispostos pola unidade administrativa responsable do procedemento.

Neste sentido, a solicitude non deixa de ser unha petición de informe, informe sobre a lexislación aplicable ao expediente que refire. Independentemente de que os actos administrativos han ser motivados con referencia aos seus antecedentes e fundamentos de Dereito, así como o dereito que asiste á solicitante para a interposicións dos recursos e o exercicio todas as accións que, segundo entenda, procedan contra aprobación de ditas bases, o certo é que a lei non ampara a un particular a demandar a emisión de informes á carta.

As bases en cuestión conteñen os seus fundamentos, as contestacións xa efectuadas tamén, e non procede entrar sobre tal fondo o que convertería a esta Unidade nunha sorte de revisor ou avogado universal, coas implicacións que isto suporía (imposibilidade material, afección á competencia respecto dos avogados e asesores especializados, etc.)

Así e no tocante á causa de inadmisión da reelaboración (art. 18.1 c) da LTAIBG), resulta ilustrativa a sentenza que se expón, citada pola Resolución 483/2019 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (o subraiado é propio):

"Sentencia 15/2018, de 14 de febrero de 2018, dictada por el Juzgado Central de lo Contencioso-Administrativo nº 1 en el PO 33/201710 en el siguiente sentido: (...) no pudiéndose obviar que la información guarda relación con los recursos públicos, de forma que lo solicitado entra dentro del ámbito de aplicación de la ley y se trata de información que ya existe, es decir que no precisa ser reelaborada para proporcionar el acceso sin perjuicio de que pueda no existir un repositorio común a todos los órganos de contratación del grupo Fomento, aspecto que, como se ha expuesto, no guardaría relación con la causa de inadmisión, de forma que, a lo sumo, lo requerido supondría una labor de recopilación de datos con el alcance de agregar, tratar o adicionar los mismos pero sin que requiera una labor de elaboración o creación ad hoc a modo de informe, debiéndose reiterar que no cabe aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado o desproporcionado del derecho de acceso a la información que exista y esté disponible mediante una sola labor de agregación, siempre que se trate de información pública cuyo concepto se contiene en el art. 13 de la Ley."

Nesta liña, a información solicitada carece da consideración de información pública e non se axusta á finalidade de transparencia que persegue a LTAIBG.

Na Resolución Presidencial pola que se aproba a creación da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra, regúlase a súa composición, funcións, réxime xurídico e natureza entre outros, publicada no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra (BOPPO) o 30 outubro de 2020, e determínase que a Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra constitúese como o órgano colexiado ao que lle corresponde garantir o cumprimento dos requisitos de transparencia e o acceso á información pública na Deputación de Pontevedra, entendendo esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder da Deputación de Pontevedra e os seus organismos dependentes e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Entre as funcións encomenda á devandita unidade están a de tramitación das solicitudes de acceso á información, e, no seu caso, das reclamacións que se interpoñan segundo co previsto na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública (BOPPO 18/03/2019).

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada por Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020,

RESOLVO

PRIMEIRO.- INADMITIR a solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1.c) e e) da LTAIBG, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

NOTIFÍQUESE A